

Tertulia literaria: primeiros pasos da revista *Dorna*

Ana Romaní *et al.*

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ROMANÍ, ANA, *ET AL.* (2012 [1996]). “Tertulia literaria: primeiros pasos da revista *Dorna*”. *Dorna*: 22, 87-89. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1980>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

ROMANÍ, ANA, *ET AL.* (1996). “Tertulia literaria: primeiros pasos da revista *Dorna*”. *Dorna*: 22, 87-89

* Edición dispoñíbel desde o 28 de marzo de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

soporte de poesía: DORNA conformaba todo un grupo, e fíxonos que se nos iluminasen algunhas partes da historia. Quique Monteagudo estaba disfrutando co comentario de Ramiro Fonte ¿Confirma as palabras de Ramiro Fonte que o grupo aquel se erixiu como algo máis que un soporte? ¿era a representación da poética galega? ¿era o emblema da poesía Galicia? ¿souberon coller o relevo todos os membros de DORNA, Quique?

H. M. - A memoria de Ramiro é proverbial, preguntarlle cousas a Ramiro é tremendo porque ten unha memoria increíble, garda as fotos, acórdase perfectamente das cousas, e fixo un precioso retrato daquelas datas... Eu máis ben diría que DORNA é un botón de mostra do que foi aquilo, pero non é, polo menos eu así o creo, exactamente un emblema. Ben, pódese tomar como un emblema, pero non apareceu como emblema nin foi un emblema, porque de feito a explosión poética galega daqueles anos foi moi plural e hai moita xente que colaborou en DORNA e que inmediatamente antes ou inmediatamente despois comezou a quita-los seus libros, segundo lembrou Forcadela. Cando comezou DORNA non eramos un grupo pechado nin consolidado de xente, e logo ademais a revista, despois dos dez primeiros números, xa estaba consolidada, e a partir de aí foi como se se fose progresivamente automatizando e enferruxando, perdendo pulo; aínda que hai que recoñecer que o esforzo por darlle continuidade foi excepcional, sobre todo cando se contempla o espacio literario galego.

Realmente o que estamos a evocar aquí, o que evocaba Forcadela, o que evocaba Ramiro, o que evocaba eu antes, eran os primeirísimos tempos de DORNA; despois veu outra historia de DORNA, a poesía galega dos 80 despegou, ben, DORNA seguiu coma unha cousa máis aí pero tampouco estaba a vangarda nin era un punto de encontro ou referencia de toda esa poesía.

P. N. - Ese momento final de DORNA pode ser debido se cadra á propia pluralidade ou pode ó mellor explicarse coa teoría dos ciclos. Quizais chegou un momento (antes Ana no seu comentario facía referencia a iso) no que puido haber unha certa inflación de poesía, de feito ó final dos anos 80 houbo unha mudanza, unha reciclaxe de poetas que se pasaron á prosa. ¿Chegou a haber unha inflación de poesía, Manolo?

M. F. - Eu coido que a poesía non é inflacionaria, é dicir, aínda que sexa un ben cultural e por tanto poida dalgún xeito vincularse coa economía, eu creo que a poesía afortunadamente se subtrae a todo ese tipo de consideracións. Nunca sobran os poetas e tampouco creo que haxa tantos

poetas, o que si considero é que efectivamente a partir de un determinado momento máis que fecharse un ciclo o que aconteceu foi que o modelo de poesía que nós mesmos xeramos naqueles anos chegou un pouco ó seu propio colapso. Era unha poesía que nalgún momento se considerou venecianista, culturalista, e logo foi procurando outras vías, outros camiños. Hoxe en día diríamos que dentro da grande pluralidade de voces que existen, desde logo habería que salientar aquelas que están á procura de novas vías expresivas. É dicir, naquel momento si foi certo que durante uns anos se publicaron unha serie de obras, que á marxe de seren ou non grandes obras eran sempre obras que contiñan achados, achados que tiñan moito que ver mesmo co proceso de normalización xeral do país e tamén co proceso de normalización lingüística. Entón eses achados foron moi celebrados, pero arestora vivimos xa noutro momento deste proceso, un momento acaso menos dado para o lucimento e no que desde logo as cousas seguen andando, eu penso que con moi bó pé, pero a partir de agora, diríamos, pensaré máis o traballo, a cualidade e o talento sobre outros factores que daquela incidían de feito máis ou menos azaroso.

A. R. - Como nos dicía agora Forcadela, a paisaxe de hoxe é considerablemente distinta á desa primeira época, que agora estamos evocando, de DORNA. Nese contexto, Rafa Villar, ¿que espacio cres que pode ocupar unha revista das características de DORNA?

R. V. - Si, evidentemente hai que pensar que DORNA xa non vai se-lo que foi a pesar deses retratos que quedaron aí, nas palabras de Ramiro e nas túas propias, Ana. Creo que agora a nova etapa que se inicia é unha etapa que por unha parte vai ter que plasmar de novo nas súas páxinas que é o que está acontecendo agora na poesía. Penso que, como dicía Forcadela, o que ocorreu a finais dos 80 (que tamén coincide, cando cheguei eu a Santiago) foi que había unha certa terra erma, na que desaparecera a efervescencia que comentaba antes, en torno á Facultade de Filoloxía, en torno a eses poetas do que se deu en chamar despois a *Xeración dos 80*. Ben, agora ábrese a nova etapa en que aparecen voces moi plurais e moi diversas, voces moi dificilmente agrupables, inclasificables. Creo que o primeiro importante é plasmar iso e despois, a partir de aí, establecer puntos de diálogo, de encontro entre esas diversas voces e mesmo coas voces anteriores. É un pouco buscar iso.

P. N. - ¿Percibes ambientes moi diferentes, Henrique, da etapa anterior a esta nova e, en todo caso, como valoras as novas propostas poéticas deste novo grupo xeracional poético?

H. M. - Eu percibo unha actitude distinta e un ambiente distinto ó que eu vivín cando estaba a remata-la carreira e deses anos dos que falabamos antes, eu adhirome case totalmente á análise que fixo Manolo Forcadela. Daquela, nese momento de efervescencia, houbo moitos brillos fuxidíos, moitos escintileos momentáneos, moitos achados que deslumbraban pola súa mesma novidades. Eu agora vexo unha actitude máis repousada na xente, máis seria, e creo que as novas achegas veñen máis polo traballo, unha certa actitude máis reflexiva..., en fin, xa pasámo-lo momento de deslumbramento e agora abríronse, rompéronse digamos os moldes que tiña a poesía galega, primeiro pechada nese paradigma do último franquismo, da poesía social, pero tamén xa pasámo-las alegrías do culturalismo. Entón isto presenta un reto para esta xente nova... Eu vexo xente moi estudiosa, non estudiosa como “estudiante” senón estudiosa como “creadora”, cun pulso máis firme, e véxoa con moita pluralidade. Coido que ademais, como estamos nun momento inaugural, é inútil pretender describir tendencias, porque estas cousas sempre se fan despois, cando repou-san as augas e se poden estudar con certo vagar. En fin, teño a impresión de que estamos a vivir nunha especie de explosión, con moitas correntes distintas e, xa digo, cunha actitude menos frívola. (Que conste que *frívola* neste contexto non ten unha connotación necesariamente negativa: a relativa frivolidade daqueles tempos seguramente foi salutífera en máis dun sentido).

A. R. - A min gustaríame lembrar un dos aspectos de DORNA que se cadra é o que eu máis boto en falta, que era a capacidade de convocatoria que as presentacións de DORNA tiñan, eses recitais que moitas veces na Facultade pero outras veces noutras vilas e noutros pobos de Galicia, conseguían aglutinar nun acto case de celebración moita xente, algúns cun punto de escepticismo e outros máis entusiastas. Sen embargo hoxe en día quizais non existe esa capacidade de convocatoria.

R. V. - Eu non che vou da-la razón. É que penso que si que se está recuperando ese espacio de convocatoria. Estase recuperando nun territorio un tanto diferente: non son aulas univesitarias, non son galerías. Estase recuperando (e estou a falar por experiencia propia e algo que vexo cando

menos en Santiago) en sitios como pubs, e en horarios distintos. Vouche dicir que as *Edicións do Dragón* convocan, unha ou dúas veces por mes, recitais de poesía de xente nova, case sempre xente que nin ten libro na rúa, ós que acoden un mínimo de trinta persoas. Ás veces, como no caso de Lupe Gómez (antes de sacar Lupe o seu *Pornografía*), había alí un montón de persoas, tantas, que nós estabamos marabillados, sobre todo por chegarmos a un público ó que dificilmente se accedería noutro ambiente máis programado, tipo sala, tipo aula de facultade ou así.

A. R. - ¿Así que podemos dicir que a poesía segue convocando en recitais?

R. V. -Si, eu creo que segue convocando, si.

P. N. - ¿E pode seguir unindo, Manuel? Falando da convivencia daqueles escritores dos 80 con estes novos de agora, temos que facer mención da colección *Espiral Maior* de poesía que dirixe Miguel Anxo Fernán Vello, que está aí, facendo un traballo de recuperación de moitos escritores que deixaran de escribir despois da etapa de DORNA. Ó mellor, DORNA pode ser tamén un lugar de encontro entre xeracións ¿ti cres iso posible coñecendo sobre todo o carácter reivindicativo co que vén este novo grupo poético, Manolo?

M. F. - Hai que lembrar que agora mesmo poderíamos falar de que se cumpriu un ciclo, é dicir, se revisamos un pouco a Historia da Literatura ou polo menos as Historias das Literaturas máis normais ou máis normalizadas cá nosa, veremos que efectivamente cada 15, 20 anos se produce unha eclosión e hai un, diríamos, rebaixarse do fol que se desinfla, e entón chegan novas persoas a insuflalo co seu alento de novo. En fin, eu creo que efectivamente neste momento, á marxe de que falar así do momento poético é bastante relativo, (non podemos esquecer que neste momento hai convivindo cando menos desde a xeración de Pura e Dora Vázquez, pasando pola xeración de Méndez Ferrín, de Bernardino Graña, ou pola miña mesma, pola de Rafa Villar, hai neste momento catro xeracións de poetas ben definidas que están aínda traballando, é dicir, que aínda poden dar moitos froitos) por tanto, falar de sucesión no tempo non deixa de ser un tanto arriscado. Pero, en calquera caso, o que si eu vexo é que na mocidade hai unhas tendencias distintas, unha recuperación do compromiso, cousa que nós nunca deixamos de ter, aínda que disfrazasemos este compromiso baixo un *subespecie*, baixo un aspecto de non compromiso... pero que

dúbida cabe de que neste país aínda hoxe o feito de escribir en galego esixe unha actitude ética ben clara. En calquera caso isto é así, sobre todo, isto refléxase nos textos, cousa que a min por outra banda paréceme moi ben. Á parte disto eu observo unha certa tendencia ó minimalismo, ou a esa especie de literatura *bravú* que tamén agora está moi de moda e, en definitiva, unha serie de liñas que a nós naquel momento nin sequera se nos pasaron pola cabeza... aínda que quen sabe qué pode dar de si aínda a nosa produción, non nos enterredes porque aínda nos queda moito tempo de vida, espero.

P. N. - En conclusión, saudamos esta nova ilusión posta aí outra vez co nome de DORNA para que a poesía se manteña viva.